



nº 73

DLVG 81-2013

SUMARIO

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que son as Pensións e a Seguridade Social?	Redacción.	4
Eleccións do "Gasto Público".	Juan Pablo Forti.	6
Bicirresistencia.	Verdegaia Vigo.	7
O Racismo Oculto nos Libros de Texto ("Rós" e "Elas")	Gárcere=Tortura.	8
Imbéciles e Escuros.	Daniel García Reigosa.	10
"El Arte de Céline y su Tiempo".	Lapsus distribuidora alternativa.	11
Pesadelos.	lilasempre.	11
Sen Perder a Memoria.	Enrédete Radio.	12
Europa Alimentando a Xenofobia.	Ánxeles B. F.	13
Cavilación Arbitraria.	Montse Piñeiro.	14
Cartaz.	Ásemblea aberta Á Boia.	15
Portada e Álmanaque.	B. Arce.	

0.50€ n.º 13

Abril-2014

**COLABORA
CONNOSCO!**

aboia.info
revistaaboia@gmail.com

Tirada do número anterior:
216 exemplares.

Á boia por Revista Á Boia atópase baixo
unha Licencia Creative Commons Atribución-
NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported.

Locais de distribución:

Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo),
Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo),
Mercado da Tía Ni (Sabarís), Café
Uff (Vigo), Gova dos ratos (Vigo),
Bar Hipólito (Vigo), Tetería
Rosalinda (Vigo), Bar Princesa (Vigo),
Taberna do Jefe (Gangas),
La bolera (Moaña), Rañolas
Café (Gondomar), Casa Colorida
(Nigrán), LS Faísca (Calvario), CS
Fuscalho (A Guarda), Detrás do Marco
(Vigo), Edra (Vigo), CS Lume (Calvario),
Galeria Jazz (Vigo), Café Bar Á Pola
(Vigo), La Caja (Alcabre).

RECÍCLAME!

EDITORIAL

Fascista! Hoxe en día é un insulto de uso común, ata perdeu o seu sentido orixinario. Hoxe en día, a nivel popular, en calquer conversa política, calquera, incluso un de dereitas declarado, pode lanzar os berros de Fascista! Nazi! ao seu oponente. Noutro tempo non era así, ser Fascista! Nazi! Falangista! podía tamén ser dito como unha cousa positiva, para algúns significaba ser vanguardista, patriota, forte, disciplinado,... e o decían con orgullo.

Para que esto mudase foi preciso que un mar de sangue asolagara medio planeta.

Hoxe en día, nas altas esferas gubernamentais (en Madrid, en Bruselas,...) a palabra Fascismo é tabú. Se se dí, é como un vulgar insulto, ou, xa máis seriamente, referíndose a acontecementos do pasado. Na Unión Europea non preocupa o "Fascismo" actual, se acaso o que preocupa é a "Xenofobia", sempre a dos demais países, nunca a propia. A hipocresía do capitalismo é atroz.

Fascistas e xenocidas son os gobernos europeos, cando entroques de repartir a riqueza e apoiar a educación, adican recursos a reforzar as fronteiras e as forzas de represións. Fascista e criminal é a UE cando non se opoñen aos criminais de Amencer Dourado en Greza, ou apoia os de "Svoboda" en Ucraia. Fascista e hipócrita era a UE cando, saltándose o

seus propios principios, discriminaba nas súas propias institucións aos migrantes de Bulgaria e Rumania. Indudablemente fascista e asesina é a actuación da Guardia Civil e o Ministerio de Interior español na praia de Ceuta, e noxentamente fascistas e antihumanas son as deportacións de xitanos en Francia e Italia.

O fascismo medra en Europa. A Fronte Nacional en Francia, Partido da Liberdade en Austria, Unidade Nacional Ataque en Bulgaria, Partido pola Liberdade en Holanda, Partido Popular en Suíza ou Partido do Progreso en Noruega, Amencer Dourado en Greza, "Svoboda" en Ucraia,... son partidos fascistas, declaradamente xenófobos, que aumentan seu poder coa complicidade doutros partidos da dereita parlamentaria, a indolencia de amplos sectores da cidadanía e o interese da oligarquía internacional, que prefire que os pobos se autodestrúan antes de que se revolvan contra ela.

Ante esta ameaza só falta que os defensores da xustiza e a liberdade nos unamos.

**Hoxe máis que nunca:
acción antifascista!**

DEMOCRACIA FRONTE "OS MERCADOS"
MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR
PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE

QUE É O FASCISMO?

Redacción.

O fascismo é unha ideoloxía e movemento político que pretende a superación da democracia e impedir o auxe do movemento obreiro. O obxectivo manifesto de cada un dos movementos fascistas é a abolición da diversidade política e social no seu país. Así pois, os fascistas, mediante a institución dun partido único, un estado forte e unha férrea encadramento social, pretenden impor un modelo nacional determinado, no que as ideas e persoas "antinacionais" son perseguidas e aniquiladas pola forza.

"O obxectivo manifesto de cada un dos movementos fascistas é a abolición da diversidade política e social no seu país."


COMO SE ORIXINA E SE PROPAGA O FASCISMO?

O primeiro goberno fascista foi o de B. Mussolini en 1922. Rápidamente, as ideas e prácticas do fascismo italiano foron imitadas noutros países europeos. Trala crise do 29 o fascismo medrou, chegando ao poder tamén en Alemaña, España e outros países de Europa. A finais dos anos 30 o xenocidio fascista comezou a operarse en toda Europa. O desenlace de II Guerra Mundial significou o fin para algúns gobernos fascistas, pero mantívose no poder en España e Portugal. Posteriormente, Greza (1967-74), Chile (1973-90) e Arxentina (1976-83) tamén padeceron dictaduras militares fascistas.

Xeralmente, o auxe do fascismo prodúcese nun contexto de crise económica, descontento e mobilización social. As clases dominantes, que ven en risco a súa hexemonía, mobilizan a grupos

paramilitares (como en Italia e Alemaña), ao exercito regular (Greza, Chile,...) ou a ambos (España), para, despois de quebrar a democracia, impor unha "nova" orde. Usualmente estes golpes fascistas son apoiados dende fóra por potencias extranxeiras (Alemaña e Italia en España; EE.UU. en Chile, Greza,...) interesadas en manter e ampliar a súa explotación capitalista neses países.

Actualmente Amencer Dourado en Greza, a Fronte Nacional en Francia, o Partido da Liberdade en Austria, "Svoboda" en Ucraína, Movemento Social Republicano no Estado Español, ... son forzas fascistas que amenzan con replicar o acontecido coa anterior gran crise capitalista.



Bertold Brecht,

"Estar contra o fascismo sen estar contra o capitalismo, rebelarse contra a barbarie que nace da barbarie, equivale a reclamar unha parte da tenreira e oporse a sacrificala".

POR QUE SE CARACTERIZA O FASCISMO?

- O papel do líder e o culto á personalidade. Os sistemas fascistas caracterízanse por unha estrutura completamente vertical na que o líder é presentado como o único intérprete da vontade popular e da patria.
- Patriotismo extremo e xenofobia. A "raza" propia é exaltada en detrimento das visións igualitarias e fraternais da humanidade.
- Vulneración dos Dereitos e Liberdades das persoas. O fascismo anula ao individuo en prol dunha visión gregaria da sociedade.

"O medo emprégase como escusa para controlar á poboación. As forzas represivas (policía, militares,...) son reforzadas ate que teñen un papel central na estrutura do estado fascista."

- Obsesión coa orde e a forza. O medo emprégase como escusa para controlar á poboación. As forzas represivas (policía, militares,...) son reforzadas ate que teñen un papel central na estrutura do estado fascista.
- Marcaxe e eliminación das persoas inimigas. Todas as minorías (raciais, relixiosas, ideolóxicas,...) son descalificadas como "lacras", "terroristas", "parásitos",... e posteriormente atacadas e aniquiladas.
- Control absoluto dos medios de comunicación, por mecanismo como: a censura, as ameazas e asasinato de xornalistas, o feche forzoso de medios opositores, a subvención a medios afíns,....
- Clientelismo e Corrupción. O estado fascista é corporativista e xerárquico, no que as atribucións de cargos

e retribucións públicas faise polo interese de redes clienterais, e non do ben común.

- Desprezo dos intelectuais, o racional e a creatividade. Todo tipo de liña intelectual que cultive o posicionamento crítico é desprezada e aniquilada polos réximes fascistas, que se basean no dogma, o populismo e a educación militarista.
- Supresión da diversidade política e da organización popular. Os dereitos para a libre participación política son suprimidos; a asociación, reunión e sindicación restrínxese ás organización que marque o réxime (partido único, sindicatos verticais, seccións xuvenís e feminina,...).

COMO SE RELACIONAN FASCISMO E CAPITALISMO?

O capitalismo baséase no dominio dos medios e bens de produción por un grupo reducido de empresas e persoas. Así pois o capitalismo vive nunha tensión constante que fai que ciclicamente a clase popular se organice e responda ao sistema establecido. Perante estas situacións as elites responden a través do fascismo, que institúe un estado supostamente "novo" no que o capitalismo, eliminada xa a resposta e oposición popular, poda perpetuarse unha vez.

QUE PODES FACER TI?

Infórmate de xeito crítico para escapar das concepcións xeralistas, dogmáticas e baseadas nos prexuízos sociais que defende o sistema fascista. Mobilízate en todas e cada unha das ocasións nas que vexas que se trata a algúns seres e colectivos como algo "inferior". Intégrate en colectivos e/ou iniciativas que combaten o fascismo sistémico de xeito directo (plataformas e asociacións antifascistas) ou indirecto (asociacións en prol dos dereitos humanos, das persoas estranxeiras,...)

ELECCIONES DO “GASTO PÚBLICO”.

Juan Pablo Forti.

Unha soa cuestión basta para caracterizar calquera modelo de sociedade: a distinción que se fai entre o Común e o Privado. O Poder, sexa o da rúa, o da selva, o da sombra ou o establecido, estipula a Responsabilidade Social ou Individual sobre as cousas nun determinado grupo humano.

De vivirmos nunha democracia, entendida coma un sistema político evoluído, no que o conxunto da sociedade ostenta este poder, poderíamos decidir, por exemplo, como investir os fondos públicos. De ser así, cando menos un cuarto da poboación activa española en paro e con severo risco de exclusión, de feito xa sen dereito á sanidade pública, probablemente apostaría pola renda básica.

Gasto público español en millardos, 2012.



Fontes: Escuela de negocios de Navarra, Justicia y pao (Pere Ortega)

Para facernos unha idea, unha renda básica de 500 euros mensuais, para cada un dos 5 millóns de parados do estado, custaría uns 30 millardos (miles de millóns) anuais, aproximadamente un 7% do Gasto Público e un 3% do PIB. Esta inversión reflectiríase nun incremento do consumo, e por tanto, dos ingresos por impostos indirectos. Ademais a cuantía sería menor que por exemplo, a do rescate á banca. Isto non é garantía de viabilidade, mais a necesidade dunha solución a curto prazo para millóns de persoas, esixe preguntarse como facer sostible esta inversión, ou cando menos,

atractiva e aceptable para a maioría.... A quen lle gusta vivir da esmola?

“A renda básica, pode funcionar como un potente dinamizador humano e económico, fortalecendo o tecido social, axudando a crear riqueza aproveitando os recursos dispoñibles.”

Non ten por que selo. Este salario básico pode ser en cambio, a xusta retribución a un traballo social, ambiental, humano, formacional ou do tipo que sexa. Máis aínda, este traballo pode ser proposto dende a propia base da sociedade, en función das súas necesidades. Así, a renda básica, en sintonía coas necesidades e oportunidades locais de desenvolvemento, formuladas de xeito participativo, pode funcionar como un potente dinamizador humano e económico, fortalecendo o tecido social, axudando a crear riqueza aproveitando os recursos dispoñibles, e cubrindo os ocos que deixa o afán de lucro que move o mundo.

Por outra banda, a súa similitude cun banco de tempo, bens e servizos a escala estatal, podería alumear os primeiros pasos cara a creación dun vehículo de intercambio de bens e servizos; unha moeda pública e social; nos que a especulación, o fraude, a usura e a estafa, se visen felizmente reducidos a súa minimísima expresión.

De vivirmos nunha Democracia Real, posiblemente atopásemos solucións efectivas aos problemas de reparto da riqueza e do traballo, entre outros. Non teño dúbidas ao respecto. Ogallá vivamos para vivila.

BICIRRESISTENCIA

Verdegaia Vigo.

O 19 de Abril celébrase o Día da bicicleta, efeméride aproveitada para exaltar as súas vantaxes relativas: non contamina, minimiza a ocupación do espazo público e promove a actividade física.

Pero o uso da bici supón algo máis, algo que a miúdo pasa desapercibido incluso para os que a utilizamos acotío: é un símbolo de resistencia e de rebeldía que confirma como moitas veces as alternativas están ao noso alcance.

Tal como representou en finais do séc. XIX, cando foi unha icona da liberación feminina ao posibilitar ás mulleres unha liberdade de movemento e de afirmación persoal que a sociedade de entón teimaba en impedirles, a bicicleta volve a representar no presente o mesmo ideal de emancipación. É un claro exemplo da filosofía DIY (faino ti mesmo), promovendo que o individuo e a súa comunidade sexan capaces de xerar os recursos que necesitan, podendo así desengancharse aos poucos do modelo consumista.

"Gozar do aire na cara mentres te das conta de que a única enerxía necesaria para desprazarte depende de un mesmo é unha experiencia única e emancipadora do capitalismo."

Gozar do aire na cara mentres te das conta de que a única enerxía necesaria para desprazarte depende de un mesmo é unha experiencia única e emancipadora do capitalismo. Persegue unha soberanía enerxética e rexeita depender/colaborar da industria do petróleo. Algo semellante ocorre cos repostos: cada vez hai máis talleres autoxestionados de bicicletas que mediante a partilla de coñecementos e habilidades dinamizan a recuperación e reutilización de pezas permitindo prolongar case indefinidamente a vida útil dunha bici.

Nunha sociedade obstinada co individualismo, a competitividade e a visión cortopracista como método para triunfar na vida, a bici representa todo o contrario. Como paradigma do movemento slow asocia lentitude con equilibrio, é dicir, actuar con rapidez cando as circunstancias o esixan pero dar unha oportunidade ao paseniño. Prestar atención aos pequenos detalles, ás actividades centradas nas persoas ou recuperar o pracer de camiñar ou ir en bicicleta, en definitiva axustar o ritmo de vida aos ciclos naturais e non aos dos mercados.

Está claro que só accións colectivas producirán mudanzas sociais de relevancia pero estas só serán posibles se son acompañadas de pequenas accións individuais que pouco a pouco nos permitan depender menos dun sistema que insiste en orientarnos por un camiño que non queremos seguir.




Foto: Lau.

O RACISMO OCULTO NOS LIBROS DE TEXTO

("NÓS" E "ELAS")

Cárcere=Tortura.

Breve resumo do artigo de Teun A. Van Dijk.

O racismo é un sistema de dominación e desigualdade social que se reproduce de diversos xeitos. O discurso xoga un papel clave na reprodución do racismo porque é tamén o medio de reprodución principal dos prexuízos raciais e ideoloxías.

"Ademais dos seus contidos explícitos, hai un currículo oculto no ensino, que inculca na sociedade as ideas dominantes respecto a raza, o xénero, a clase..."

As leccións e libros de texto xogan un rol prominente na reprodución da sociedade. Ademais dos seus contidos explícitos, hai un currículo oculto no ensino, que inculca na sociedade as ideas dominantes respecto a raza, o xénero, a clase...

Mentres que a principios do século XX e ata a Segunda Guerra Mundial, tal racismo era bastante explícito e estaba formulado en base á superioridade branca, as formas contemporáneas do racismo nos libros de texto tornáronse máis sutís e implícitas.

Descubríronse as seguintes características:

- **Exclusión:** Os inmigrantes e as minorías non aparecen ou apenas aparecen representados nos libros de texto. Aínda cando existe un significativo número de grupos de inmigrantes, a sociedade é representada dun xeito homoxéneo, monocultural e 'branca'.
- **Diferencia:** Se aparecen representados, as inmigrantes, as minorías e en xeral os pobos non europeos son descritos como diferentes a Nós; as diferencias son resaltadas e as semellanzas

ignoradas.

- **Estereotipo:** As representacións das Outras tenden a ser estereotipadas, esquemáticas e fixas.

Os libros de texto repítense uns aos outros en canto á reprodución destes estereotipos acerca da pobreza, falta de modernidade, atraso, etc.




Foto: Ilustración libro de Primaria de Perú.

- **Auto-presentación positiva de Nós:** Atribúense ao noso propio grupo (europeos, cidadáns, etc.) moitas características positivas: tecnoloxicamente avanzados, democráticos, ben organizados,

informados, etc. Representa ao Nós como axudando activamente ou asistindo ao Elas, as xentes pasivas.

- **Representacións negativas de Elas:** Ademais dos estereotipos habituais, se atribúen tamén as Outras características coma xentes violentas, delincuentes, ilegais, consumidores de drogas, autoritarias, non democráticas, atrasadas, pasivas, folgazanas e carentes de intelixencia.
- **Exotismo:** O lado 'positivo' do énfase na diferenza é o realce da natureza exótica, estraña e de certa forma distante das Outras.
- **A negación do racismo:** A representación positiva de Nós implica a ausencia, negación ou mitigación da representación negativa de Nós. A nosa historia de colonialismo, agresión ou racismo tende a ser pasada por alto ou reducida. O racismo é representado xeralmente como parte do pasado e poucas veces como algo do aquí e agora, como algo que está entre nós e nas nosas institucións.

"Falamos e escribimos acerca de Elas, pero non se lles escoita, nin se lles representa falando ou emitindo a súa opinión e, menos aínda, críticas respecto ao Nós."

- **Carencia de voz:** Non só se representa ás outras de forma estereotipada e negativa, senón tamén como pasivas e carentes de voz. Falamos e escribimos acerca de Elas, pero non se lles escoita, nin se lles representa falando ou emitindo a súa opinión e, menos aínda, críticas respecto ao Nós.
- **Texto e imaxes:** Estas características móstranse tamén nas imaxes, as cales exhiben xeralmente a dimensión exótica, negativa ou problemática das Outras e os seus países. É común que vexamos unha foto de 'chozas' en

África ou iglús no Canadá, en troques dos embotellamentos de automóbiles entre rañaceos de cidades de África, Asia e América Latina.


- **Tarefas:** Presuponse xeralmente á presenza exclusiva do alumnado 'branco' na clase. Dirixíndose especificamente a este grupo de alumnado "branco", a reflexión acerca das Outras, como si estes últimos non puidesen estar tamén presentes na clase.

Como podemos apreciar os libros de texto están deseñados de acordo á ideoloxía dominante dunha sociedade, esperándose que actúen non só como medio de producir o coñecemento aceptado, senón tamén como o conduto para as normas, valores e actitudes imperantes. Non é sorprendente que teñan sido tamén un dos principais sitios de formulación das ideas euro-céntricas racistas.

Desde Cárcere=Tortura (Galiza-sur) queremos denunciar a complicidade do sistema educativo co racismo institucional, complicidade da que se deriva o encerro e asasinato de persoas migrantes.


NIN CÁRCERES, NIN RACISMO CIE'S DEMOLICIÓN





abril

	1 Obradoiro de cestería, de 19 a 21 horas na Cova dos Ratos	2	3	4 Teatro Centro Dramático Clandestino. as 22 horas Café de 4 a 4	5 "Espazo público e movementos sociais", no Bou Eva dende as 17:30 horas	6 "Nunca debimos empezar por ahí" de Cambaleo Teatro, entre 4,5 e 9 €, as 21 horas Teatro Ensalle.
7 Obradoiro de Pilates, de 10 a 11 horas na Cova dos Ratos	8 Obradoiro de cestería, de 19 a 21 horas na Cova dos Ratos	9 Antón Seoane presenta o libro "Voces Ceibes" de Milladoiro. as 19:30 horas Café de 4 a 4.	10 Mesa redonda "Estado da cultura", as 20:30 horas Café de 4 a 4.	11 "Tell me" de Provisional Danza, as 22 horas entre 4,5 e 9 €, Teatro Ensalle	12 "Tell me" de Provisional Danza, as 22 horas entre 4,5 e 9 €, Teatro Ensalle	13 "Rastro de Primavera", no Mercado da Tía Ni, Sabaris.
14 Obradoiro de Pilates, de 10 a 11 horas na Cova dos Ratos	15 Obradoiro de cestería, de 19 a 21 horas na Cova dos Ratos	16	17	18	19 Día Internacional da Bicicleta.	20
21 Obradoiro de Pilates, de 10 a 11 horas na Cova dos Ratos	22 Obradoiro de cestería, de 19 a 21 horas na Cova dos Ratos	23	24 Monólogo de Manuel David de Ciudad Real. as 20 horas Café de 4 a 4.	25 II Feira do libro anarquista de A Guarda, CS Fuscálho e Praza S. Bieito	26 II Feira do libro anarquista de A Guarda, CS Fuscálho e Praza S. Bieito	27 II Feira do libro anarquista de A Guarda, CS Fuscálho e Praza S. Bieito
28 Obradoiro de Pilates, de 10 a 11 horas na Cova dos Ratos	29 Obradoiro de cestería, de 19 a 21 horas na Cova dos Ratos	30				



Imbéciles e Escuros.

*Govardes espíritos que a pel das persoas desprezan
como se fósamos iguais neste mundo de tolos,
atormentadas almas cheas de carraxe e torpeza
seres estúpidos, desprezables e toscos.*

*Xustifican con teorías relixiosas a súa deficiencia,
con preceptos falsos vestidos de ciencia,
con teorías políticas artelladas en cuartos de baño,
esquecendo a historia como un estúpido rabaño.*

*Non pode pedir respecto quen odia por sistema,
quen fai da pel unha fronteira alérxica,
os que inventan e enredan ás masas
con cantos de sereas fanadas e varadas.*

*Pero seguen aquí, moi espertos e activos
os que odian e desprezan
os escuros seres altivos
que na pedra da historia tropezan.*

*Non entrarán en razón porque a teñen nubrada
cegada por necesidades e falsidades,
totalmente mutilada.*

*Non se desculparán porque carecen de sensibilidade
e insistirán nos seus erros e rancores
sen a mínima humanidade.*

*Non renunciarán ao odio e á loita armada
concebidos como unha misión natural
por algún deus encomendada.*

Daniel García Reigosa.



"EL ARTE DE CÉLINE Y SU TIEMPO".

Lapsus distribuidora alternativa.

Michel Bounan, Pepitas de Calabaza.

"Quen inventa que mentiras na actualidade? Por que medios? Para servir a quen?"

Os autores de novelas policíacas non sempre ocultan hoxe en día o ter sido eles mesmos antigos ou novos policías. Saben do que falan. Podería parecer que a intriga desenvolvida no presente libro a través de tres historias – os chamados complots xudeus de primeiros do século XX, a controvertida obra literaria de Céline a cabalo das décadas dos anos trinta e corenta e, finalmente, o actual revisionismo histórico por parte de antigos esquerdistas – non ofertan ao lector o mesmo tipo de garantía. Porén trátase de historias certamente reais. Os lectores destas historias descubrirán nelas sen esforzo bastantes semellanzas como para recoñecer a trama dun mesmo proceder. E para responder pola súa conta ás preguntas

que esta suscita: quen inventa que mentiras na actualidade? Por que medios? Para servir a quen? Contra quen, aparentemente? E realmente?



<http://lapsusdistribuidora.blogaliza.org/>

PESADELOS.

lilasempre.



Foto: Lau.

Unha noite de pesadelos...soñei que falaba coa nena de Rajoy. Que a golpe de crise madurou de súpeto e converteuse na nena do exorcista, a súa cabeza daba voltas e comezaba a cuspir e vomitar sobre a cara de Rajoy nunha foto de prensa, e cada vez máis vómito, e cunha voz que daba medo, falando dos corruptos, dos ladróns, da inxustiza, da falsa xustiza deste país, da lenta, hipócrita xustiza que se esquece de facer xustiza, que se esquece de traballar contra os verdadeiros delinquentes do estado e se apresura a xulgar a aqueles que non deixan de ser vítimas, vítimas das consecuencias dos verdadeiros delinquentes deste país.

Definitivamente eles son o demo, definitivamente nesta parte do mundo tamén fede a xofre.

SER PERDER A MEMORIA.

Enrédate Radio.

*A verdade triunfa por si mesma,
a mentira sempre precisa complicidade.*

Epicteto.

Estes son tempos de loita, recollemos a testemuña de quenes o fixeron antes cá nós, e enfrentámonos desde a palabra, desde a ética, desde a deliberación, desde a universalización dos valores inmutables, á defensa dos dereitos humanos...e dicimos defensa porque están sendo non só atacados, senón eliminados, fragmentados e mesmo borrados da memoria e da realidade.

Bórranse os dereitos coas armas máis poderosas que ás das batallas de sangue: úsase a ignorancia e o medo, que envolven a nosas vidas de decisións erróneas, na resignación de que ás cousas son como ás contan, quen pode contalas. A defensa dos Dereitos Humanos é unha das tarefas primordiais do xornalismo, pero as profesionais non poden exercer a súa labor se os propios dereitos humanos son vulnerados.

"Procúrase a separación unha vez máis, entre as persoas que temos, e as que non teñen, e esa é a fronteira, a única que en realidade importa."

Hai que denunciar que a presenza de discursos totalitarios cada vez e máis común, isto non é o azar, ao converter ás persoas que exercen o dereito á mobilidade en inimigas, procúrase a separación unha vez máis, entre as persoas que temos, e as que non teñen, e esa é a fronteira, a única que en realidade importa, a da ignominia de saber que a existencia do suposto "problema" sobre a outra xente, sobre a diferente, sobre a estranxeira, está baseado en que



Foto: Lau.

temos que compartir: aí susténtase o odio irracional e desde aí, desde a premisa de que non chega para todas, decidimos quen recibe e quen non.

Somos as netas e netos dunha xeración que non tivo alegría, aos que se lle quitaron as ocasións de ter oportunidades, e aínda así, nese escenario tiveron a certeza de que todo ía mudar para o ben común; somos descendentes das persoas que pensaron que as ideas eran máis importantes que a vida, e perderon a vida por esas ideas, e perder, perdemos todas. Creouse outra xeración, á quen se lle fixo culpable do que fixera ou do que non fixera, pagáronse culpas propias e alleas. Aprendeuse a desconfiar, a vulnerar, a elección entre o eu e a outra, e esquecimos que canto máis das, máis recibes, e que estase mellor todas xuntas que separadas.

Nós cremos firmemente que a vida humana vale máis que calquera idea, aínda que hoxe en día o seu valor sexa menos que unha crónica en sucesos, menos que pronunciar a palabra erro ou perdón, e que tería sido mellor non lanzar pelotas de goma.

EUROPA ALIMENTANDO A XENOFOBIA.

Ánxeles B.F.

O medo e o rexeitamento ao estranxeiro son alentados pola clase política que nos goberna.

Está é unha teima constante dos facismos. A entrada "masiva", a "avalancha" de inmigrantes, supón un perigo. Hainos que frear: con muros, arame de pugas, coitelas, pelotas de goma, disparos, lexislación, etc. Van a invadir Europa, a cal aprobou en setembro de 2008 unha lei contra o racismo e a xenofobia, que recibiu no 2012 o Premio Nobel da Paz "pola súa contribución á democracia e aos dereitos humanos".


"Europa colabora á situación de África, explotando os seus recursos naturais, utilizandoa como basureiro, infirindo no comercio, apropiándose das terras e explotando a man de obra barata. "

Cales son as condicións de vida que impulsan a unha persoa a abandonar a súa familia e o seu país, e arriscar a vida nunha fuxida en condicións terribles: en pateras, agochados en camións, barcos ou colectores, acosados polas mafias, pola fame e polo medo? Que fariamos no seu lugar?

COMO COLABORA EUROPA Á SITUACIÓN DE ÁFRICA?

Repátese o continente creando fronteiras en liña recta a golpe de escuadra: as colonias, explota os seus recursos naturais a calquera prezo (como exemplo actual temos a extracción e comercio do coltan para os nosos aparellos móbiles), emporca e envelena o seu entorno, utiliza os seus países como basureiros ofrecéndolles

toneladas de lixo electrónico, infire no seu comercio de xeito que as pequenas agricultoras non poidan competir cos alimentos que chegan de Europa subvencionados, apropiándose das súas terras para os nosos monocultivos e empresas, coa colaboración dos gobernos locais corruptos pagados polas multinacionais, e xa de paso, explota a súa man de obra barata, que por necesidade, acepta calquera condición... Podemos ir máis atrás no tempo e atopar o vergoñento comercio de escravas.



As persoas inmigrantes que consiguen pasar a fronteira mirámoslos percorrendo as praias incansables, cargados de sombreiros e bagatelas para os turistas, fuxindo da policía coa manta ao lombo, soportando nos mercadiños o regateo e a burla, limpando e coidando os nenos das familias ricas mentras os seus fillos esperan os euros que lles poidan chegar.

Quen son realmente os perigosos?

Cavilación Arbitraria.

A ansiedade que provoca o feito de querer facer e non poder. As musas veñen cando o pensamento voa. Tempo. Cando dispoñemos del, aparece o persistente estigma da falta de diñeiro. A posibilidade de vivir sendo fiel a unha idea, a certos principios, sen a necesidade de ceder ante o que a masa consoma. Non me interesan as discusións sobre o que é ou non arte: o que quero é crear. Aprender, compartir e experimentar. A demarcación do costume estremece a aqueles que unha vez foron libres. Coñecer, ler. Non podo lembrar con exactitude a última vez que conseguín disfrutar incondicionalmente. Deixar de ser unha máquina, tornarse de novo animal. Cheirar, comer, amar, vivir. Desaprender os mecanismos adoutrinados ao longo do noso crecemento, liberándonos dos preconceptos e con eles das preocupacións innecesarias. Aprender a desgustar. Cando levantas a máscara, recén sintes o suor a esvarar polos ollos e non podes ver con moita claridade; logo de afacerte a non levala, as marcas vanse desfecendo e pouco a pouco comezas a respirar do mesmo xeito polas dúas fosas nasais. Ese é o momento exacto no que botas un peido e eres feliz.

Montse Piñeiro




Ilustración: "Mira y Galla"

UNEZE A BOLA



